

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN CORRESPONDENTE AO DÍA 16 DE FEBREIRO DE 2011.

No salón de sesións da Casa do Concello de Brión, sendo as 13 horas do día 16 de febreiro de 2011, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D^a. MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE).

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE).

D^a. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE).

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE).

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

D. MANUEL JOSÉ FERNÁNDEZ GARCÍA (con retraso). (PSG-PSOE).

D. CARLOS TOMÉ FONDO. (PP).

D^a. MIRIAM PIÑEIRO RODRÍGUEZ. (PP).

D. JULIO COUSELO GARCÍA. (PP).

D. XESÚS PENA ESPÍÑA. (BNG).

D^a. MARÍA DO CARME ROBLEDO MUIÑA. (BNG).

SECRETARIO: D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, Secretario do Concello.

Asiste a Interventora do Concello D^a. ANA MARÍA GÓMEZ PEÑA.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

ORDE DO DÍA:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 22 DE DECEMBRO DE 2010.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 17.12.2010 AO 11.02.2011.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CORRECCIÓN DE ERROS DO PXOM.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE PISCINA E APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

6º) MOCIÓN.

7º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 22 DE DECEMBRO DE 2010.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión do 22 de decembro de 2010.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala sen ningunha rectificación.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 17.12.2010 AO 11.02.2011.

Se incorpora neste intre ao Pleno o Sr. Concelleiro Fernández García.

Pola Alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22. 2. a. da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben:

17.12.10.- Convocatoria Pleno ordinario a celebrar o 22 de decembro.

17.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 14.138,85 euros (facturas varias).

17.12.10.- Aprobación da certificación única da obra de Reposición de beirarrúa, urbanización Monte Balado polo importe total de 1.249,81 euros

17.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 35,40 euros (Cableuropa).

17.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 35,48 euros (M^a Pilar Rodríguez Bugallo).

20.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 400 euros de axuda a favor de Cáritas Parroquia de Bastavales.

20.12.10.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 51/2010.

20.12.10.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 52/2010.

20.12.10.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 53/2010.

20.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 30.058,59 euros (amortización anticipada do préstamo concertado co BBVA).

20.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 36.393,08 euros (amortización anticipada do préstamo concertado co BBVA).

20.12.10.- Decreto inicio procedemento sancionador de tráfico.

20.12.10.- Inicio de expediente sancionador de tráfico.

20.12.10.- Convocatoria XGL a celebrar o 21 de decembro.

20.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 189,56 euros (Estaciones de Servicio Manzaneda).

21.12.10.- Aprobación da certificación nº 5 da obra de Construcción de piscina cuberta municipal en Lamiño, polo importe total de 72.654,86 euros.

21.12.10.- Aprobación da xustificación da subvención concedida ao CEIP de Brión polo importe de 4.000,00 euros.

22.12.10.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 54/2010.

22.12.10.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 55/2010.

22.12.10.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 56/2010.

22.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 185,25 euros (gastos de locomoción).

22.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 76,95 euros (gastos de locomoción).

22.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 437 euros (gastos de locomoción).

22.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 230,51 euros (gastos de locomoción).

22.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 4,70 euros (correos).

22.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 32,40 euros (Mesón Casa Abelleira).

22.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 5 euros (reprografía).

22.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 5,64 euros (correos).

22.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 97,71 euros (Mesón Casa Abelleira SL).

22.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 19,38 euros (gasto de locomoción).

23.12.10.- Aprobación expediente modificación crédito MC 57/10.

23.12.10.- Aprobación expediente modificación crédito MC 58/10.

23.12.10.- Aprobación expediente modificación crédito MC 59/10.

23.12.10.- Nomeamento do funcionario Luciano Pena Andrade, como secretario accidental do 27 ao 30 de decembro de 2010.

23.12.10.- Aprobación expediente modificación crédito MC 60/10.

23.12.10.- Aprobación expediente modificación crédito MC 61/10.

23.12.10.- Aprobación expediente modificación crédito MC 62/10.

23.12.10.- Contratación do servizo de *Monitoraxe dos obradoiros de nadal* con ARGALLANDO, EDUCACIÓN E TEMPO LIBRE da Baña por un importe de 4.500 €.

23.12.10.- Contratación do servizo de transporte para realizar as actividades dos obradoiros de nadal ao contratista AUTOCARES MODESTO RIVEIRO S.L. por un importe de 2.200,00 €.

23.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 101,46 euros (gasto de desprazamento de voluntarios).

23.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 55.888,78 euros (facturas varias).

23.12.10.- Autorización, disposición dos gastos polo importe de 500 euros (gasto material Cabalgata de Reis).

23.12.10.- Aprobación da conta xustificativa de gastos derivados da adquisición dos materiais necesarios para o Magosto.

23.12.10.- Pago de productividade.

23.12.10.- Pago gratificacións a un laboral.

24.12.10.- Pago nómina mes decembro.

24.12.10.- Paga extraordinaria do mes de decembro.

27.12.10.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 63/2010.

27.12.10.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 64/2010.

27.12.10.- Aprobación liquidación das taxas da XGL celebrada o 21 de decembro.

27.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 920,40 euros (El Muelle Servicios Hosting S.L).

27.12.10.- Aprobación da certificación nº 6 da obra de Construcción de piscina cuberta municipal en Lamiño, polo importe de 69.481,16 euros.

27.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 88.628,01 euros (facturas varias).

27.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 348,84 euros (gastos de locomoción).

27.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 152,60 euros (gastos de locomoción).

27.12.10.- Reintegro de 3,30 € a unha traballadora por gastos anticipados derivado dunha excursión da terceira idade a Benidorm.

27.12.10.- Reintegro de 42,80 € a unha traballadora por gastos anticipados derivado dunha excursión da terceira idade a Benidorm.

27.12.10.- Reintegro de 11,63 € a unha traballadora por gastos anticipados pola compra dun paragüeiro.

27.12.10.- Concesión dunha axuda de emerxencia de 440,80 € a un veciño.

27.12.10.- Aprobación da conta xustificativa de gastos ocasionados con motivo da realización da actividade “ Festa dos maiores 2010”

27.12.10.- Aprobación expediente modificación crédito MC 65/10.

27.12.10.- Aprobación expediente modificación crédito MC 66/10.

27.12.10.- Aprobación expediente modificación crédito MC 67/10.

27.12.10.- Aprobación expediente modificación crédito MC 68/10.

27.12.10.- Aprobación expediente modificación crédito MC 69/10.

28.12.10.- Aprobación expediente modificación crédito MC 70/10.

28.12.10.- Aprobación expediente modificación crédito MC 71/10.

28.12.10.- Aprobación expediente modificación crédito MC 72/10.

28.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1190,70 euros (Barbatana SL).

28.12.10.- Convocatoria XGL a celebrar o 29 de decembro.

28.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 3.865,35 euros (IDE Ordes SL).

28.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1.449,46 euros (Telefónica España).

28.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 131,20 euros (Mª Pilar Rodríguez Bugallo).

28.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 89,43 euros (Mª Pilar Rodríguez Bugallo).

28.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación do gasto derivado da contribución do Concello de Brión ao programa de agricultura sostible polo importe de 3.770,56 euros.

28.12.10.- Aprobación da conta xustificativa de gastos derivados da realización do Camiño de Santiago.

28.12.10.- Aprobación da conta xustificativa de gastos derivados da realización do Intercambio de Guillena-Brión nos meses de xullo e agosto de 2010.

29.12.10.- Aprobación da liquidación taxas XGL celebrada o 29 de decembro.

29.12.10.- Reintegro de 18,65 € a unha traballadora por gastos anticipados derivado do pago de almozos acompañantes á excursión da terceira idade.

29.12.10.- Aprobación da conta xustificativa de gastos derivados da adquisición de uniformes de traballo dos mestres da Escola Infantil.

29.12.10.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 73/10.

29.12.10.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 74/10.

30.12.10.- Autorización para celebrar o 7 e 8 de xaneiro de 2011 os festexos de San Xulian no lugar de A Igrexa-Bastavales.

30.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 46,10 euros (M^a Pilar Rodríguez Bugallo).

30.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos de asistencia ás sesións dos concelleiros por importe de 4.830 €.

30.12.10.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de decembro 2010.

30.12.10.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondentes ao mes de decembro de 2010.

30.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 952,63 euros (Centyc Europa SL).

30.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 25.365,47 euros (facturas varias).

30.12.10.- Reintegro de 6,41 € a unha traballadora por gastos anticipados derivado da remisión de documentación da xustificación do curso de empregado de oficina.

30.12.10.- Reintegro de 39,95 € por gastos anticipados derivados da adquisición dun mando automático do portal do CEIP Pedrouzos.

30.12.10.- Reintegro de 139,43 € por gastos anticipados derivados de gastos diversos da escola infantil municipal.

30.12.10.- Aprobación da xustificación da subvención concedida á Asociación de Mulleres Xuntanza polo importe de 1.600 e Asociación de Veciños de Ons polo importe de 320 euros.

30.12.10.- Aprobación da conta xustificativa dos gastos ocasionados con motivo da adquisición de material para atender os gastos correntes de carácter periódico e repetitivo da Escola Infantil Municipal.

31.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 141,60 euros (Centyc Europa SL).

31.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 2.151,83 euros (Autocares Modesto Rivero SL).

31.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 50 euros (C.P. Agro Novo).

31.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 352,68 euros (Estación de Servicios Manzaneda).

31.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 30.542,08 euros (Meular Servicios Asistenciais SL e Barbatana SL).

31.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 34.818,25 euros (facturas varias).

31.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 39,87 euros (gasto locomoción).

31.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 6.300 euros polo funcionamento grupo político PSOE, 2.550 € do grupo político PP, e 1.800 € grupo político BNG.

31.12.10.- Aprobación da conta xustificativa de gastos derivados da adquisición de materiais necesarios para a celebración da Cabalgata de Reis así como as actividades de Nadal.

- 31.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 131.135,87 euros (facturas varias).
- 31.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 91.989,93 euros (facturas varias).
- 31.12.10.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 22.768,16 euros (Unión Fenosa Comercial SL).
- 31.12.10.- Prórroga dos créditos iniciais dos gastos previstos no Orzamento para o ano 2010 en tanto non se aprobe definitivamente o Orzamento para o exercicio 2011.
- 03.01.11.- Pago a xustificar pola cantidade de 608 € polos gastos de reserva dun hotel da actividade “ Saída Cultural a Póvoa do Varzim”.
- 03.01.11.- Contratación do servizo de “REFORZO TEMPORAL DO PERSOAL DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL”, á empresa Coesco-Deza SL, polo importe de 2.107,74 €, ive incluído.
- 03.01.11.- Contratación do servizo de “ACTIVIDADES ACUÁTICAS DIRIXIDAS PARA TERCEIRA IDADE”, á empresa Hotel Balneario de Compostela, polo importe de 11.664'00 €, ive incluído.
- 03.01.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 367,92 euros (Telefónica Móviles SA).
- 04.01.11.- Aprobación da addenda núm. 5 do convenio para a execución das variantes da AC-300 e AC-451, ramais de acceso á autovía Santiago- Brión.
- 04.01.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 42,06 euros (C.P. Agro Novo).
- 07.01.11.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de xaneiro de 2011.
- 12.01.11.- Arquivo do expediente de reposición da legalidade urbanística de derrubado de muro en Avenida de Santa Minia núm. 34-A (Vila Caracas).
- 12.01.11.- Altas no Padrón de Habitantes correspondente ao mes de decembro.
- 12.01.11.- Baixas no Padrón de Habitantes correspondente ao mes de decembro.
- 12.01.11 .- Incorporación dun veciño no servizo de xantar na casa.
- 12.01.11 .- Incorporación dun veciño no servizo de xantar na casa.
- 13.01.11.- Non recoñecer a D Ricardo Montero Fariña, o dereito a recibir unha indemnización como consecuencia dos danos sufridos no seu vehículo.
- 14.01.11.- Relación de altas e baixa nas actividades para a terceira idade.
- 17.01.11.- Elevación a definitivos dos acordos de aprobación do orzamento xeral, xunto coas súas bases e o cadro de persoal.
- 17.01.11.- Permiso ao voceiro do PP para examinar os expedientes solicitados tramitados polo Concello no Departamento de Urbanismo do Concello.
- 17.01.11.- Convocatoria de XGL a celebrar o 18 de xaneiro.
- 17.01.11.- Requirimento a don Marcos Rodríguez Troncos para retirar o seu vehículo da vía pública por presumible abandono.
- 17.01.11.- Incoación do expediente de reposición da legalidade urbanística a Gómez Bouzas e Outros, S.C. en relación cos muros entre lindeiros executados sen licenza nas parcelas nº 54, 55 e 56 do Lugar de Lamiño.
- 17.01.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 56,64 euros (Cableuropa SAU).
- 18.01.11.- Decreto de inicio de procedemento sancionador de tráfico.
- 18.01.11.- Inicio de expediente sancionador de tráfico.
- 19.01.11.- Liquidación taxas da XGL celebrada o 18 de xaneiro.

20.01.11.- Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e os Centros Educativos CEIP e IES de Brión para o funcionamento do servizo: Aulas municipais de acompañamento e reforzo escolar.

20.01.11.- Aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos do proceso selectivo dunha praza vacante de animador cultural.

20.01.11.- Aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos do proceso selectivo dunha praza vacante de animador deportivo.

20.01.11.- Aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos do proceso selectivo dunha praza vacante de xefe de grupo-oficial de 1ª de protección civil.

20.01.11.- Aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos do proceso selectivo dunha praza vacante de mestre de educación infantil.

20.01.11.- Aprobación da lista provisional de admitidos e excluídos do proceso selectivo dunha praza vacante de traballadora social.

20.01.11.- Convocatoria da licitación para a contratación do servizo de Vacacións para terceira idade 2011 en País Vasco e Sur de Francia.

20.01.11.- Adxudicación do contrato menor "Aulas de Acompañamento e Reforzo para os Centros Escolares de Brión: CEIP e IESS" ao contratista COESCO-ALDEBARÁN por importe de 5.119'20 € IVE incluído.

24.01.11.- Aprobación do expediente do contrato de aluguer de inmovible sito en Avenida de Santa Minia 42, Pedrouzos.

24.01.11.- Redución do servizo de axuda no fogar dun veciño.

26.01.11.- Aprobación do expediente de contratación do servizo de "Escolas deportivas 2011.

26.01.11.- Aprobación do expediente de contratación do servizo de "Escolas musicais 2011.

26.01.11.- Aprobación do expediente de contratación do servizo de "Escolas culturais 2011.

26.01.11.- Aprobación anticipo de caixa de 660 € para atender os gastos correntes de carácter periódico e repetitivo da Escola Infantil Municipal.

27.01.11.- Remate do expediente de reposición da legalidade a D. Antonio Bello Couso en relación coas obras levadas a cabo na aldea da Torre-Concello de Brión.

27.01.11.- Adxudicación do contrato privado de aluguer de inmovible a Castora Tembra Capeáns, Adolfo Mouriño Bello e Dª. Amalia Reboredo Suárez, propietarios do inmovible sito en Avenida de Santa Minia 42.

27.01.11.- Solicitud dunha subvención de 6.000'00 € para o desenvolvemento do proxecto "Envehecimento Activo do Concello de Brión para 2011.

27.01.11.- Solicitud de subvención para o "Mantemento do Centro Social Polivalente e da Terceira Idade de Brión e "Actividades para menores fóra do horario escolar".

28.01.11.- Desestimación de recurso de reposición presentado por CIAL RIVAS S.L.

28.01.11.- Solicitud de subvención para programas de apoio á cultura e o deporte 2011.

28.01.11.- Solicitud de subvención para actividades e investimentos de promoción económica, durante o ano 2011.

28.01.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 1598,99 euros (Telefónica SA e La Voz de Galicia).

01.02.11.- Pago nóminas.

01.02.11.- Aprobación do proxecto modificado sen variación económica de "Acondicionamento lúdico deportivo AR 7 e 8 de Lamiño".

01.02.11.- Desestimación do recurso de reposición interposto por Don Jesús Branco Illodo.

01.02.11.- Pago de gratificación a un laboral.

01.02.11.- Pago de gratificación a un funcionario.

01.02.11.- Convocatoria XGL a celebrar o 2 de febreiro.

01.02.11.- Devolución da fianza definitiva do contrato de Servicio de Axuda no Fogar Básico 2009, á Coesco Deza S.L.

01.02.11.- Devolución da fianza definitiva do contrato de Servicio de Axuda no Fogar Dependentes 2009, á Coesco Deza S.L.

01.02.11.- Devolución do aval bancario das obras de Acondicionamento e seguridade vial nas pistas municipais nas parroquias de Viceso, Luaña e Cornanda, á empresa Alcomte Galicia S.L.

01.02.11.- Devolución do aval bancario das obras de Acondicionamento e seguridade vial nas pistas municipais nas parroquias de Brión, Viceso e Ons, á empresa Alcomte Galicia S.L.

01.02.11.- Devolución do aval bancario das obras de Abastecemento, Saneamento e Bombeo en Estrar, á empresa Alcomte Galicia S.L.

01.02.11.- Devolución do aval bancario das obras de Acondicionamento e seguridade vial nas pistas municipais nas parroquias de San Salvador e Bastavales, á empresa Alcomte Galicia S.L.

01.02.11.- Devolución do aval bancario das obras de Acondicionamento e seguridade vial nas pistas municipais de San Salvador-Igrexa de Bastavales e San Salvador - Límite de Rois, á empresa Alcomte Galicia S.L.

01.02.11.- Devolución do aval bancario das obras de Acondicionamento do tramo de rúa de Paseo de Pedrouzos e execución duna praza pública emprazada nos terreos dos antigos almacéns, á empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A.

01.02.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 328,77 euros (Telefónica Móviles SA).

01.02.11.- Baixa dun veciño no servizo de Xantar na Casa.

02.02.11.- Devolución do aval bancario do contrato de Servizo de Vacacións para Terceira Idade 2010 en Bernidorm, á Viajes Vitoria S.A.

02.02.11.- Devolución do aval bancario das obras de Ampliación do edificio base de protección civil en Brión, á empresa Alcomte Galicia S.L.

02.02.11.- Baixa dun veciño no servizo de axuda no fogar para persoas dependentes.

02.02.11.- Modificación dun veciño no servizo de axuda no fogar para persoas dependentes.

02.02.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 50 euros (C.P. Agro Novo).

03.02.2011.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 141,60 euros (Centyc Europa SL).

03.02.11.- Devolución da fianza "Canalización eléctrica soterrada de baixa tensión para dar servizo a unha vivenda no lugar de Guitiande-Os Anxeles ", á empresa Malga S.L.

03.02.2011.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 6,10 euros (Centyc Europa SL).

03.02.11.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes do mes de xaneiro 2011.

03.02.11.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondentes ao mes de xaneiro de 2011

07.02.11.- Acordo definitivo da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos.

07.02.11.- Solicitud de subvención para o Grupo Municipal de Intervención Rápida do Concello de Brión.

07.02.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 49,76 euros (CP Agro Novo).

08.02.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación de gastos polo importe de 3.754,77 euros (seguros vehículo e maquinaria municipal).

08.02.11.- Autorización, disposición, recoñecemento, liquidación das cantidades do premios VII CERTAME DE PINTURA CONCELLO DE BRIÓN "NOVOS VALORES 2010" polo importe de 1.000 €

08.02.11.- Aprobación da xustificación da subvención concedida ao IES de Brión polo importe total de 3.500,00 euros.

08.02.11.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de febreiro de 2011.

08.02.11.- Inclusión no Rexistro de Asociacións do Concello da Asociación "CARITAS PARROQUIAL DE SANTA MARIA DOS ANXELES.

08.02.11.- Aprobación da xustificación presentada pola Banda de Música Municipal de Brión polo importe total de 3.973,22 euros.

08.02.11.- Aprobación da xustificación presentada pola Asociación Cultural-Deportiva Festa do Cabalo de Brión polo importe total de 3.400 euros.

09.02.11.- Aprobación liquidación taxas XGL celebrada o 2 de febreiro.

09.02.11.- Altas no padrón do mes de xaneiro.

09.02.11.- Baixas no padrón do mes de xaneiro.

11.02.11.- Convocatoria Pleno ordinario a celebrar o mércores 16 de febreiro.

O Pleno queda enterado.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CORRECCIÓN DE ERROS DO PXOM.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 25 de xaneiro de 2011, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 15 de febreiro de 2011, que transcrita di:

Recibidos escritos de diversos particulares así como informe por parte do Servizo de Urbanismo do Concello poñendo en coñecemento desta Alcaldía a existencia duns erros na documentación gráfica do PXOM, consistentes na falta de grafía de diversos camiños públicos preexistentes desde tempo inmemorial, nos núcleos rurais de Brión de Abaixo, Xinzo, Guitiande, Buio, O Casal, Lago, A Igrexa, Boimil, O Cabo, Bastavaliños e Reboredo Pequeno.

As rectificacións de erros materiais que se propoñen son as que seguen:

1) Visto o escrito presentado por Federico Silva Cobas (r.e. nº 3345, de 8 de novembro de 2010) **procede a corrección do erro material** no plano nº 2. folla nº 94-74 e 94-65/94-75 do PXOM, reflectindo dous viais dentro do núcleo de Brión de Abaixo recollendo a traza e a aliñación, e igualmente respecto dos tres viais de acceso a fincas rústicas sinalando o seu trazado, tratándose de cinco viais públicos xa recollidos pola planimetría oficial e obrante no momento de elaborar o planeamento (Catastro antigo e planos de concentración parcelaria).

2) Visto o escrito presentado por José Manuel Cornes Rey (r.e. nº 3241, de 27 de outubro de 2010) **non procede a corrección do erro material** no plano nº 2, folla nº 94-86 /120-16 do PXOM, posto que se pretende corrixir o trazado do vial que linda coa parcela do solicitante polo seu vento oeste e sita nas inmediacións da aldea de Xinzo (Bastavales), posto que non se trata dun erro, senón dunha solicitude de modificación do PXOM, posto que o que se pretende co presente expediente é a detección e posterior corrección de erros materiais e que teñen que ver co descoido á hora de grafiar a trama identificativa das aliñacións dos camiños vertebradores dentro dos núcleos rurais e non a corrección e variación de trazado de viais.

3) Visto o escrito presentado por Concepción Tasende Ferreiro (r.e. nº 2475, de 1 de setembro de 2010) no que solicita a eliminación dun vial considerado como público no núcleo de Guitiande, sendo este mesmo un vial privado dentro dunha parcela, **procede a corrección de erro material** eliminando o trazado do camiño inexistente aquí detectado no núcleo de Guitiande, plano nº 2. folla nº 94-65/94-75 do PXOM.

4) Visto o escrito presentado por Jesús Branco Illodo (r.e. 3134, de 15 de outubro de 2010) no que pon de manifesto a existencia dun erro na grafía do PXOM consistente na ausencia da traza e da trama á hora de identificar un vial que da fronte e acceso a unha parcela sita na aldea de Buido, precisamente o vial que linda coa parcela do solicitante polo seu vento norte, tratándose dun vial xa recollido pola planimetría oficial e obrante no momento de elaborar o planeamento (Catastro, Catastro antigo) amosando con claridade o carácter deste camiño interior do núcleo da aldea de Buido.

Polo exposto **procede a rectificación do erro material** reflectindo o camiño, que debe ser considerado como viario interno do núcleo na grafía do plano nº 2, folla nº 94-85 do PXOM no núcleo de Buido.

5) Visto o escrito presentado por Verónica Baameiro Romero (r.e. 3264, de 28 de outubro de 2010) no que pon de manifesto un erro na grafía do PXOM, á hora de identificar e definir dous viais internos e que dan fronte e acceso a unha serie de parcelas emprazadas dentro do núcleo rural de O Casal. A solicitante é propietaria da parcela coa seguinte referencia catastral: 4950504NH2445S0001TU, emprazada dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural e con acceso a camiño público polo seu vento leste. Este camiño, que linda coa parcela urbana da solicitante: nº 04 do polígono de urbana do Concello de Brión nº 49505, non ven reflexada a súa traza, nin tampouco a oportuna trama identificativa.

Por outra banda e, a iniciativa do servizo técnico municipal tamén se detecta a ausencia de trama sobre un vial próximo e que conflúe co anterior, concretamente o vial que linda polo vento oeste coa parcela nº 04 do polígono de urbana do Concello de Brión nº 49505 (lindante coa parcela da solicitante).

Polo exposto **procede a rectificación do erro material** recollendo os dous viais que se integran dentro da trama de viario vertebrador, corrixindo a grafía empregada no seu día sobre os mencionados viais, tratándose claramente dun viario xa recollido pola planimetría oficial e obrante no momento de elaborar o planeamento (Catastro, Catastro antigo), amosando con claridade o carácter de camiños interiores do núcleo da aldea de O Casal, corrixindo a grafía correspondente no plano nº 2, folla nº 94-74 do PXOM.

6) Visto o escrito presentado por Elena Nimo Mayo (r.e. nº 3229, de 26 de outubro de 2010) no que se pon manifesto un erro na grafía do PXOM, á hora de definir e identificar un vial que cruza o interior do núcleo (Lago) e arranca ata o monte. Este ámbito está excluído de concentración parcelaria, pero a traza do camiño está perfectamente contrastada pola cartografía de Catastro, incluso no Catastro antigo. No presente caso, tanto a traza como a trama están definidas erróneamente no tramo que concerne á parcela da solicitante.

Polo exposto **procede a rectificación do erro material** e o vial aquí recollido intégrase dentro da trama de viario vertebrador, polo que o erro aquí detectado ha de revisarse en consecuencia e corrixir a grafía do plano nº 2. folla nº 94-84 do PXOM empregada no seu día sobre o mencionado vial, tratándose claramente dun viario xa recollido pola planimetría oficial e obrante no momento de elaborar o planeamento (Catastro, Catastro antigo), amosando con claridade o carácter deste camiño interior do núcleo da aldea de Lago.

7) Visto o escrito presentado por Josefa María Montes Villaverde (r.e. nº 3231, de 26 de outubro de 2010) no que pon de manifesto un erro na grafía do PXOM, á hora de definir e identificar un vial interior e que da acceso ademais á parcela da solicitante. O presente ámbito entrou en concentración parcelaria, quedando reflexado o trazado deste vial. No presente caso o PXOM define un tazado erróneo, debendo de axustarse neste caso ao reflexado nos planos de concentración parcelaria.

Por outra banda e a iniciativa do servizo técnico municipal tamén se detecta a ausencia de trama sobre catro (4) viais de concentración parcelaria e pertencentes a este ámbito do núcleo de Lago e que han de integrarse dentro do entramado de viais vertebradores deste núcleo en concreto, a saber:

a.- Camiño de concentración parcelaria e que da acceso por su fronte ás parcelas nº 143, 138, 137, 132, 122, e 121 da zona. Non se reflexa a súa traza.

b.- Camiño de concentración parcelaria e que da acceso por su frente á parcela nº 143. Non se reflexa a súa traza.

c.- Prolongar traza do camiño de concentración parcelaria e que da acceso por su frente ás parcelas nº 115, 116, 114 e 118 da zona.

d.- Camiño de concentración parcelaria e que da acceso por su frente ás parcelas nº 126, 124, 123 e 120 da zona. Non se reflexa a súa traza.

Polo exposto **procede a rectificación dos erros materiais** corrixindo a grafía do plano nº 2, folla nº 94-84 do PXOM e plano nº 2 folla nº 94-85 do PXOM, reflexando o vial segundo os planos de concentración parcelaria e incluíndo a traza sobre catro (4) viais de concentración parcelaria e pertencentes a este ámbito do núcleo de Lago e que han de integrarse dentro do entramado de viais vertebradores deste núcleo.

8) Visto o escrito presentado por Manuel Alejandro González Dorrego (r.e. nº 3287, de 2 de novembro de 2010) e o escrito presentado por Federico Silva Cobas, Francisca González Rodeiro, Amalia Rodríguez Rodríguez, Luis Agra Alonso, Cesáreo García Castro, Manuel Oliveira Iglesias, Dolores Rey Rios e José Manuel Cornes Rey (r.e. 3344, do 8 de novembro de 2010), ambas solicitudes fan referencia a un antigo camiño que conducía desde as inmediacións da aldea de Guldrís ata a igrexa de San Fins reclamando a súa inclusión na planimetría do PXOM e que se recolla a súa aliñación, como recoñecemento do seu carácter estruturante e vertebrador dentro do solo do núcleo sobre o que discorre. Circunstancia esta última que non se recoñece no mencionado camiño, xa que se trata dun camiño, de indudable valor histórico, pero que non acada as condicións que establece a lexislación urbanística vixente para dar soporte á vertebración espacial dentro do núcleo sobre o que se asenta, nin tampouco pode sustentar o tránsito que garanta o acceso rodado esixible a toda parcela edificable dentro deste ámbito, nin moito menos dar soporte ás infraestruturas esixibles e establecidas expresamente polo artigo 29.1.g da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia que sinala: Para autorizar as edificacións esixírase ter resoltos, con carácter previo e a custa do promotor, como mínimo os servizos de acceso rodado, abastecemento de auga, evacuación e tratamento das augas residuais e subministración de enerxía eléctrica ou, noutro caso, garantir a execución simultánea coa edificación, polo que **non procede a corrección de erros materiais** no plano núm. 2, folla nº 94-65/94-75 do PXOM.

9) Polo servizo de urbanismo (informe do arquitecto municipal do 26 de novembro de 2010)ponse en coñecemento da alcaldía catro erros máis detectados e que son os seguintes:

a.- NÚCLEO DE BOIMIL: O presente caso trata de poñer de manifesto un erro detectado pola grafía empregada no PXOM, á hora de definir e identificar un vial interior e ao que dan frente e acceso a un grupo de parcelas emprazadas dentro do núcleo rural de Boimil. O presente ámbito está excluído da zona de concentración parcelaria da zona, de todos os xeitos no plano de concentración parcelaria resulta moi esclarecedor aos efectos, grafiase o arranque do mencionado camiño, introducíndose o mesmo dentro da zona excluída (interior da aldea). O camiño sobre o que se manifesta o erro material detectado (ausencia da trama que serve para recoller e recoñecer a aliñación oficialmente establecida polo PXOM) ven recollido pola cartografía de Catastro antigo e na actual. O vial intégrase dentro da trama de viario vertebrador, polo que o erro detectado ha de revisarse en consecuencia e corrixir a grafía empregada no seu día sobre o mencionado vial, tratándose claramente dun viario xa recollido pola planimetría oficial e obrante no momento de elaborar o planeamento (Catastro, Catastro antigo e concentración parcelaria), amosando con claridade o carácter deste camiño interior do núcleo da aldea de Boimil, **polo que procede a corrección do erro material no plano 2, folla nº 94-65/94-75 do PXOM.**

b.- NÚCLEO DE O CABO: O presente caso trata de poñer de manifesto un erro detectado pola grafía empregada no PXOM, á hora de definir e identificar un vial interior e o que da acceso ao núcleo de O Cabo. Trátase dun camiño de concentración parcelaria, que discorre entre as parcelas 727 e 728 de concentración parcelaria da zona (polígono 505) e que da acceso por su frente á parcela 729 de concentración parcelaria e entra no interior da aldea de O Cabo.

Este vial tampouco ven recollido en catastro, pero non ten dúbida a súa existencia; trátase dun vial aberto por concentración parcelaria e que dá acceso ao núcleo do O Cabo. O vial aquí mencionado intégrase dentro da trama de viario vertebrador, polo que o erro aquí detectado ha de revisarse en consecuencia e corríxir a grafía empregada no seu día sobre o mencionado vial, tratándose claramente dun viario xa recollido pola planimetría oficial e obrante no momento de elaborar o planeamento (concentración parcelaria), amosando con claridade o carácter deste camiño interior do núcleo da aldea de O Cabo, **polo que procede a corrección do erro material** no plano 2, folla nº 94-85 do PXOM.

c.- NÚCLEO DE BASATAVALIÑOS: Erro de planimetría detectado durante a tramitación e desenvolvemento urbanístico do PXOM. O presente caso trata de poñer de manifesto un erro detectado pola grafía empregada no PXOM, á hora de definir e identificar un vial interior que dá acceso á aldea de Bastavaliños. Trátase dun camiño que dá acceso a un grupo de parcelas. Apórtanse planos de Catastro e copias de escrituras de tres parcelas anexas, hoxe agrupadas mediante escritura de agrupación; parcelas nº 3, 4 e 5 do Polígono nº 70.177 de urbana de Brión (aldea de Bastavaliños). Ref. catastral: 7017703NH2471N0001PS. O vial mencionado intégrase dentro da trama de viario vertebrador, polo que o erro aquí detectado ha de revisarse en consecuencia e corríxir a grafía empregada no seu día sobre o mencionado vial, tratándose claramente dun viario xa recollido pola planimetría oficial e obrante no momento de elaborar o planeamento (Catastro), amosando con claridade o carácter deste camiño interior do núcleo da aldea de Bastavaliños, **polo que procede a corrección do erro material** no plano 2, folla nº 120-15/120-25 do PXOM.

d.- NÚCLEO DE REBOREDO PEQUENO: Erro de planimetría detectado durante a tramitación e desenvolvemento urbanístico do PXOM, neste caso a partir da tramitación dunha licenza de segregación e que afecta á parcela de ref. catastral: 6326401NH2462N0001LW. O presente caso trata de poñer de manifesto un erro detectado pola grafía empregada no PXOM, á hora de definir e identificar un vial de concentración parcelaria tan só parcialmente (quedaría por completar o resto da trama identificativa do aliñamento oficial). Trátase dun camiño de concentración parcelaria. Apórtanse plano de concentración parcelaria e de Catastro. O vial mencionado intégrase dentro da trama de viario vertebrador, polo que o erro detectado ha de revisarse en consecuencia e corríxir a grafía empregada no seu día sobre o mencionado vial, tratándose claramente dun viario xa recollido pola planimetría oficial e obrante no momento de elaborar o planeamento (vial de concentración parcelaria), amosando con claridade o carácter deste camiño interior do núcleo da aldea de Reboredo Pequeno, **polo que procede a corrección do erro material** no plano 2, folla nº 94-85 do PXOM.

Vistos os informes emitidos polo servizo municipal de urbanismo de data 26 de novembro de 2010 e 21 de xaneiro de 2011, o documento do PXOM coas correccións procedentes redactado polo arquitecto Manuel Carbajo Capeáns, en condición de codirector do equipo redactor do PXOM de Brión, e considerando o anteriormente exposto propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Rectificar os erros materiais producidos no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Brión que afecta á grafía dos planos:

- Núcleo de Brión de Abaixo, plano n.º 2 folla nº 94-74 e 94-65/94-75 do PXOM.
- Núcleo de Guitiande, plano n.º 2 folla nº 94-65 / 94-75 do PXOM.
- Núcleo de Buio, plano n.º 2 folla nº 94-85 do PXOM.
- Núcleo de O Casal, plano n.º 2 folla nº 94-74 do PXOM.
- Núcleo de Lago, plano n.º 2 folla nº. 94-84 do PXOM.
- Núcleo de Lago, plano n.º 2 folla nº. 94-84 do PXOM e Plano n.º 2 folla nº. 94-85 do PXOM.
- Núcleo de Boimil, plano n.º 2 folla nº. 94-65 /94-75 do PXOM.
- Núcleo de O Cabo, plano nº 2 folla nº. 94-85 do PXOM
- Núcleo de Bastavaliños, plano nº 2 folla nº.120-15/120-25 do PXOM.

- Núcleo de Reboredo Pequeno, plano nº 2 folia nº. 94-85 do PXOM.

2º) Non rectificar polos motivos expostos en cada caso as solicitudes referentes aos núcleos de:

- Núcleo de Xinzo, plano n.º 2 folia n.º 94-86/120-16 do PXOM.
- Núcleo de A Igrexa, plano n.º 2 folia n.º. 94-65/94-75 do PXOM.

3º) Publicar o texto íntegro do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, así como o correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia.

4º) Notificar este acordo aos interesados.

5º) Remitir dous exemplares do expediente completo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a súa constancia.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE PISCINA E APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 11 de febreiro de 2011, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 15 de febreiro de 2011, que transcrita di:

No mes de marzo vaise rematar a obra de piscina cuberta climatizada deste Concello realizada co cofinanciamento da Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do convenio de colaboración asinado coa mesma con data 30 de outubro de 2009.

Co fin de axilizar o procedemento para a contratación da súa xestión, elaborouse pola empresa Lagares Oca un estudio económico-financeiro, de data xaneiro de 2011, confeccionado polo equipo redactor composto por José Antonio González Ferreira e José Ferreira Marquina, sobre a explotación do servizo da piscina municipal de Brión (A Coruña), onde queda demostrada a viabilidade económica dunha xestión indirecta mediante concesión polo prazo de dez anos.

Considerando necesario esta Alcaldía que a piscina comece a funcionar para prestar o servizo tan demandado polos veciños coa maior celeridade posible a partir da súa recepción polo Concello, e tramitado expediente para a súa xestión, vistos os informes preceptivos de Secretaría e Intervención, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Xestionar o servizo público de piscina cuberta climatizada de Brión mediante xestión indirecta, por concesión, polo prazo de dez anos dada a súa viabilidade económica consonte co estudio económico-financeiro, de data xaneiro de 2011, confeccionado polo equipo redactor composto por José Antonio González Ferreira e José Ferreira Marquina, sobre a explotación do servizo da piscina municipal de Brión (A Coruña), onde queda demostrada a viabilidade económica dunha xestión indirecta mediante concesión polo prazo de dez anos.

2º) Aprobar o expediente de contratación tramitado realizando a contratación do servizo público de piscina cuberta climatizada, por procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, baixo a modalidade de concesión, con tramitación ordinaria, polo prazo de dez anos.

3º) Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas obrantes no expediente.

4º) Realizar a licitación mediante anuncio no BOP e no perfil de contratante do Concello.

Debate:

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que nós sempre abstivémonos no tema da piscina porque pensábamos que ía dar problemas polas dificultades económicas destes tempos e que a mín non me dan as contas do estudo económico financeiro que se fai, porque creo que están un pouco infladas, e non se ten en conta tampouco outras piscinas públicas que existen preto e que se as contas non lle dan ao concesionario e xustifica as perdas o Concello ou o subvenciona ou ten que subir os prezos e por estes motivos ímonos abster neste punto.

Durante o debate abandoa o salón de plenos o Sr. Concelleiro Cambón Fernández.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que tíñamos dúbidas nas tarifas e xa se me informou e engade que hai un certo risco como en todos os proxectos que se poñen en marcha e que hai que asumir.

O Sr. Alcalde sinala que moitas grazas e que a abstención do PP entra dentro da súa coherencia, porque sempre se abstiveron.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP (3) e ao Sr. Concelleiro Cambón Fernández ao abeiro do disposto no art. 100.1 do ROF.

Queda aprobada a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS TRIBUTARIAS NA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 28 de xaneiro de 2011, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 15 de febreiro de 2011, que transcrita di:

O Pleno da Excmª. Deputación Provincial da Coruña con data 29.6.2001 aprobou as bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia, modificadas por acordos do Pleno provincial do 28.6.2002, 21.12.2007 e 28.5.2010.

Este Concello no seu día delegou na Excmª. Deputación facultades en materia do imposto sobre bens inmobles, imposto sobre actividades económicas, imposto sobre vehículos de tracción mecánica e imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Visto o informe conxunto de Secretaría e Intervención do 27 de xaneiro de 2011 e considerando que resulta conveniente realizar a delegación de máis competencias na Excmª. Deputación polo traballo que conleva unha xestión recadatoria consonte cos procedementos legalmente establecidos e o grao de recadación que acada a mesma, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Delegar na Excmª Deputación Provincial da Coruña, nos termos e condicións recollidos nas bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia aprobadas pola corporación provincial, o exercicio das seguintes competencias:

-. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral. A xestión obxecto de delegación afectará tanto ao suposto xeral do art. 24 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo RDL 2/2004, do 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

2º) Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de 30 días hábiles a contar desde o día seguinte á data de publicación, para a presentación de alegacións ao mesmo. De non presentarse alegacións dentro do prazo establecido, este acordo elevarase a

definitivo automáticamente, debendo publicarse no Boletín Oficial da Provincia o texto integro en cumprimento do disposto no art. 7.2 da Lei reguladora das facendas locais.

3º) Solicitar á Excmª. Deputación a aceptación das competencias delegadas.

4º) Facultar expresamente ao Alcalde para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

Reincorpórase neste intre ao Pleno o Sr. Concelleiro Cambón Fernández.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

6º) MOCIÓNS.

O Sr. Alcalde sinala que antes de pasar ás mocións quero dar conta e facer a presentación que creo que debe facerse e que ten que ver cunha pregunta presentada nun Pleno anterior polo PP, do Protocolo de actuación en casos de violencia de xénero, que se enmarca dentro da campaña municipal contra a violencia de xénero.

Logo da súa presentación remata o Sr. Alcalde sinalando que o presento primeiro no Pleno por respecto aos membros da Corporación, con anterioridade á presentación que se fará aos encargados da súa xestión.

De seguido apróbase por unanimidade dos trece membros presentes a urxencia de todas as mocións presentadas polos grupos do PP e do BNG para este Pleno, polo que se procede ao seu debate e votación.

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO PP:

1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE OS RECIBOS DO IBI NO POLÍGONO DE PÉRROS.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo da conta da moción presentada polo grupo municipal do PP con rexistro de entrada núm. 320, do 09.02.2011, que transcrita di:

Numerosos veciños puxéronse en contacto co noso grupo, debido a un problema que lles leva afectando varios anos, e que ten relación coa xestión recadatoria desa administración.

Concretamente, referímonos aos recibos cobrados pola Deputación da Coruña, relativos ao IBI correspondente ás fincas do denominado Monte de Pérros (Brión).

Estas fincas foron sempre de natureza rústica, pero no ano 2003, o Concello de Brión aprobou o Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), e debido a iso, as fincas deste monte, situado entre as parroquias de Os Ánxeles e Bastavales, resultaron incluídas no ámbito de solo urbanizable destinado a parque empresarial e industrial. Pasaban de ser solo de natureza rústica a urbana, co cal o imposto de bens Inmóbles das fincas de multitude de propietarios, víase alterado.

Desta maneira, o valor catastral destas fincas multiplicábase, e cando antes os veciños non pagaban impostos polas súas fincas rústicas, a partir da última revisión catastral, as súas fincas pasaban a ser consideradas urbanas, tendo que pagar os correspondentes recibos do IBI.

A raíz das alegacións e recursos interpostos por veciños do lugar contra o PXOM (en relación ao polígono do Monte de Pérros), o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ditou sentenza no 2007, condeando ao Concello de Brión a modificar a clasificación do solo desta zona, volvéndoo a clasificar como solo rústico de especial protección.

De igual forma, no 2009 o TSXG ditaba sentenza contra o acordo do Pleno do Concello de Brión polo que se aproba definitivamente o Plan Parcial Monte de Pérros, anulando este acordo por ser contrario a Dereito.

Existindo pois estas sentenzas xudiciais que condean ao Concello a modificar a clasificación do solo das fincas desta zona, volvéndoo a clasificar como solo rústico, non procedería pois cobrar aos propietarios destas fincas, un imposto non real, é dicir, non procede xirar o cobro do IBI dunhas fincas urbanas, cando por sentenzas xudiciais son clasificadas como rústicas.

En diversas ocasións, por parte do grupo popular brionés, redactáronse varias reclamacións neste sentido, a nome de varios propietarios. Algunha destas reclamacións foron presentadas no propio Concello de Brión, e outras foron dirixidas a esa Deputación da Coruña, incluso á Xerencia Rexional do Catastro de Galicia, detallando os feitos, e coa intención de que non se xirasen máis recibos, por unhas fincas que por sentenza xudicial, non debían ser urbanas.

Pero a resposta obtida practicamente foi nula. Desde o Concello de Brión, os primeiros anos non se recibía contestación algunha, e últimamente, contestan aos veciños que a reclamación presentada, se envía á Deputación da Coruña.

Tras varios anos de escritos e reclamacións, finalmente a Xerencia Rexional do Catastro acaba de admitir estas reclamacións, e rectificou este erro informando aos propietarios que se modificou a natureza dos terreos a efectos catastrais e consecuentemente, revalorizáronse as parcelas, atendendo á súa condición de solo de natureza rústica polo que “acordan acceder á súa solicitude e practicar a rectificación da descrición catastral”.

Desta forma, todos os propietarios destas fincas aplauden a noticia, sendo conscientes de que a partir de agora, non se lles xirarán por estas fincas máis recibos do IBI como se fosen fincas urbanas.

A grande dúbida que teñen estas persoas refírese agora aos cartos que pagaron durante estes últimos anos polo imposto destas fincas consideradas como urbanas, cando realmente eran rústicas. Consideramos que de oficio, a Deputación da Coruña, ou ben o Concello de Brión deberán proceder á devolución desas cantidades, por consideralas como cobros indebidos.

Descoñécese pois a intención do Concello de Brión e da Deputación neste sentido. De igual forma, descoñécese se esa devolución vaise efectuar de maneira automática, ou se ben cada propietario individualmente, debe solicitala.

Por conseguinte, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Que o Alcalde de Brión polos motivos arriba indicados, e debido ás sentenzas xudiciais referidas, faga as xestións oportunas para que se reintegre o diñeiro aboado nos

correspondentes recibos do IBI, aos propietarios das fincas da zona do Monte de Pérros, que no ano 2003 debido á aprobación do PXOM de Brión, resultaron incluídas no ámbito de solo urbanizable destinado a parque empresarial e industrial e pasaron de ser solo de natureza rústica a urbana.

2.- Que o Concello de Brión informe se considera procedente ou improcedente a devolución por cobros indebidos, e en todo caso, os argumentos nos que se basea, no caso de considerar improcedente a devolución.

3.- Que o Concello de Brión se poña de inmediato en contacto coa Deputación da Coruña polos motivos anteriormente expostos, e informe se a devolución dos ingresos cobrados do asunto, se fará de forma automática ou se debe individualmente cada propietario solicitala, así como o prazo para a súa solicitude e modelo tipo.

4.- Que o Concello en caso de que a devolución destes cobros, que consideramos indebidos, deba facerse por outro procedemento, ou por orde doutra administración, informe da forma correcta de actuación e cal é o procedemento axeitado.

Debate:

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que agora hai que falar da devolución deses cartos e por iso presentamos un escrito tamén na Deputación para que informe se vaise facer de xeito conxunto ou individual; engade que outro problema que podemos ter é que as débedas prescriben aos catro anos polo que non sabemos se poderán reclamar ou non, presentamos aquí a moción e escrito na Deputación para ver se o Concello pode darlle un empurrón á Deputación para que alixere isto.

O Sr. Alcalde sinala que non podemos apoiar esta moción porque está pendente a resolución de dous recursos; que a competencia é do catastro; sí estamos enterados de que o catastro está disposto a non cobrar e devolver aos veciños, que o Concello non ten nada que obxectar de momento, hai dous recursos plantexados ante o Tribunal Supremo e non sabemos cales van ser as sentenzas, non podemos ir contra os nosos propios actos e cando haxa sentenza actuaremos en consecuencia e se é contraria ás pretensións do Concello xa se verá como se pode devolver.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala ¿se o catastro está corrixindo iso?.

O Sr. Alcalde sinala que alguén lle mandou unha copia da sentenza ao catastro, se o fai alá el, e como beneficia aos veciños nós non imos abrir a boca e cando haxa senteza se verá como se pode devolver e remata sinalando que estamos a falar de cantidades moi pequenas.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que se están a pagar de xeito improcedente e inxusto, aínda que sexan poucas cantidades, que canto antes se resolva o problema mellor, porque pode empantanarse.

O Sr. Alcalde sinala que esperemos que a sentenza sexa favorable pola importancia do tema do polígono e agora temos que esperar pola sentenza para ver como temos que actuar.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 5, pertencentes aos grupos municipais do PP (3) e BNG (2).

Votos en contra: 8, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (8).

Abstencións: 0.

Queda rexeitada a moción.

2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN CONTRA DA RETIRADA DA AXUDA DE 426 € AOS PARADOS DE LONGA DURACIÓN.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo da conta da moción presentada polo grupo municipal do PP con rexistro de entrada núm. 79, do 13.01.2011, que transcrita di:

Recentemente o Goberno socialista anunciou a supresión da axuda de 426 € destinados a parados de longa duración (Programa Temporal de Protección por Desemprego e Inserción).

Este recorte supón, en última instancia que o colectivo máis vulnerable da cidadanía é o que vai pagar en primeira persoa a improvisación e incapacidade dun Goberno sen rumbo nin planificación.

O Goberno socialista xustifica este recorte na necesidade de aliviar o gasto público; sen embargo, a política de despilfarro que levou a cabo nestes últimos anos o goberno de Zapatero obríganos a pagar agora uns intereses pola débeda moi superiores ao custe total do Programa Temporal de Protección por Desemprego e Inserción (PRODI).

Asimesmo, a supresión desta axuda supón retirar o seu único ingreso en moitas familias que contan unicamente con esa renda de subsistencia para manterse e sobrevivir. Ademais o momento que se escolle é o máis inoportuno, xa que o número de persoas que necesitan desta axuda crece exponencialmente.

Retirar esta medida vai facer que máis de 600.000 persoas en España se vexan nunha situación límite e loxicamente veránse obrigados a pedir axudas aos concellos, que tamén se encontran nunha situación de penuria económica.

Por todo iso, o grupo municipal popular somete á consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

“ Instar ao Goberno de España a manter o Programa Temporal de Protección por Desemprego e Inserción, coñecido popularmente como a axuda dos 426 euros mensuais, para os desempregados que agotasen todas as súas prestacións”

Debate:

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que ímola manter porque a base de irse debatindo en moitas sesións plenarias se conseguiu unha axuda económica nova sempre que fagan cursos

de formación; está claro que como medida de presión algo se pode conseguir e como non se sabe moito da axuda nova mantemos a moción como medida de presión.

O Sr. Alcalde sinala que imos votar en contra porque estase a facer, nin que os escoitara Zapatero, porque xa o fixo, sempre que se fagan cursos de formación; engade que entendo a intención do voceiro do PP, pero debo dicir que esa medida foi tomada en tempo de crise e que esta axuda foi creada polo PSOE e se dicimos que se manteña isto tamén podemos dicirlle á Xunta de Galicia que manteña as axudas a dependentes e menos mal como dixo o Presidente da Xunta que non ten competencias en emprego porque senón habería moitos máis parados en Galicia.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que isto é un pouco o mundo ao revés, xa non se sabe que é dereita e que é esquerda, nós pensamos que retirar esta axuda é grave e que agora fíxose unha nova medida vinculada aos cursos de formación e xa veremos como funciona, e remata sinalando que neste punto ímonos abster.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Votos en contra: 8, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (8).

Abstencións: 2, pertencentes ao grupo municipal do BNG (2).

Queda rexeitada a moción.

3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN CONTRA DA SUBIDA DO RECIBO DA LUZ ACORDADA PARA O PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2011.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo da conta da moción presentada polo grupo municipal do PP con rexistro de entrada núm. 78, do 13.01.2011, que transcrita di:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do ano 2011 non podía comezar peor para as maltreitas economías dos fogares e das empresas galegas. A nefasta política económica do Presidente Zapatero esmaga aos contribuíntes con subidas dos bens de primeira necesidade como a luz e o gas, nun 10% e un 4% respectivamente.

Desde que goberna o Partido Socialista, a luz non parou de subir, así desde o ano 2006 o recibo da luz subiu máis dun 40%, mentres que cando gobernou o Partido Popular entre 1996 e 2004 o recibo da luz baixou un 14,2%, moi por riba da media da UE.

Esta nova subida da luz é unha mostra máis do fracaso da política enerxética socialista. Neste sentido compre destacar que un terzo da subida experimentada a principios deste ano 2011 é consecuencia da aplicación do Real Decreto que prima o carbón nacional, que ten un maior custe e menor capacidade calorífica que o importado, que é o que se utiliza nas centrais galegas de As Pontes e Cerceda.

Os galegos e as galegas non se merecen este novo castigo do Goberno de España que se engade á baixada dos salarios, á conxelación das pensións, á subida de impostos, ao incremento do prezo da gasolina e do gasóleo e a supresión dos incentivos fiscais á compra da vivenda, do cheque bebé e da axuda de 426 euros aos desempregados de longa duración.

O Partido Popular valora esta suba como grave prexuízo á capacidade adquisitiva de fogares, autónomos, empresas e PEMES, por iso consideramos que é necesario un gran pacto en política enerxética que aporte estabilidade a un dos factores de competitividade máis importante para a nosa economía, como é a do custe da enerxía.

Polo exposto anteriormente, se somete ao Pleno do Concello de Brión a adopción dos seguintes acordos:

O Pleno do Concello de Brión:

- Manifesta o seu rexeitamento á subida unilateral acordada polo goberno na resolución que establece o custo de produción de enerxía eléctrica e as tarifas de último recurso a aplicar no primeiro trimestre de 2011.
- Insta ao Goberno de España a alcanzar un gran pacto en política enerxética que permita acometer unha reforma integral do sistema eléctrico en España de forma que non sexan os consumidores os que teñan que pagar a factura da aposta polo carbón nacional e que tanto perxudica aos intereses de Galicia.
- Insta ao Goberno de España a conxelar o recibo da luz durante o ano 2011, xa que a electricidade é un ben de primeira necesidade que afecta directamente a toda a poboación, así como á competitividade das nosas empresas e, por tanto, ás súas expectativas de creación de emprego.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que non me encontro cómodo debatindo estas mocións, non creo que no Parlamento de Madrid lles importe moito o acordo que poidamos aprobar, non é orixinal o que fan porque a presentan en todos os concellos e temos que constestala por motivos ideolóxicos pois non é o mesmo ser de esquerdas que de dereitas; no tema da luz hai unha subida importante, pero que quedan fora os pensionistas, as familias numerosas, os parados, que son máis de 5.000.000 de persoas ás que non lles afecta esa medida, esa subida ten que facerse

porque foi acordada polo PP no ano 2000 cando gobernaba, e por todo isto non a imos aprobar.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que desde o ano 1996 ao 2004 baixou un 14,2% o recibo da luz e xa estaba ese acordo e agora é cando sube.

O Sr. Alcalde sinala que en Alemania acaba de subir un 6% e que a subida que se fixo en España é para que haxa libre competencia en 2013, para ver se desta forma baixa o recibo.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que compartimos algúns aspectos da moción, pero que hai sectores excluídos da subida, ímonos abster porque detrás disto subxace o tema nuclear que foi aprobado onte polo Parlamento.

Remata o Sr. Alcalde dicindo que a medida adoptada no ano 2000 rematará no ano 2013.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Votos en contra: 8, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (8).

Abstencións: 2, pertencentes ao grupo municipal do BNG (2).

Queda rexeitada a moción.

MOCIÓNS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG:

1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CONTRA A PRIVATIZACIÓN DAS CAIXAS DE AFORRO.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña da conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG con rexistro de entrada núm. 249, do 02.02.2011, que transcrita di:

Ao tempo que se está a iniciar a andaina da nova caixa de aforros galega, logo de acometer un proceso de integración que conta cun alto grado de consenso dos axentes sociais de Galiza, e que ten por obxectivo primordial seguir dotando a Galiza dun instrumento financeiro solvente ao servizo da economía do país, o Goberno Central vén de formular unha proposta de reforma do sistema financeiro que avanza cara a privatización das caixas de aforro e implica unha mudanza substancial de dito proceso e aboca a "Novacaixagalicia" a transformarse nun banco privado.

A decisión do Goberno Central non ten fundamentos técnicos ou económicos, é exclusivamente política, e ten como orixe a absoluta subordinación do Goberno do Estado aos intereses do capital financeiro. Constitúe un chanzo máis no proceso de consolidación do

capital financeiro, auténtico detonante da actual crise económica polas súas prácticas especulativas guiadas por un afán de obter enormes lucros por riba da evolución da economía real, e que agora quere saír reforzado incidindo claramente no sistema público de pensións e nas propias caixas de aforro.

O BNG vén advertindo do deseño adoptado polo Goberno Central, consensuado co PP, que fomentaba a desterritorialización, bancarización e privatización das caixas de aforro, plasmando tanto na creación do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB), como na aprobación dunha reforma express da normativa ordenadora dos órganos reitores das caixas de aforro, que serven de marco xurídico de referencia no cal se sustenta agora a nova reforma deseñada polo Goberno Central.

Perante iso, o BNG promoveu unha reforma da Lei de caixas de aforro de Galiza cuxa finalidade é a de colocar o aforro galego ao servizo do tecido produtivo do país e ademais defendemos desde o primeiro momento a fusión galega como ferramenta clara do reforzo e blindaxe do sistema financeiro galego. Mais agora, ese resultado de contarmos cunha única caixa de aforros galega está en cuestión, certamente por unha repentina actuación unilateral do Goberno Central e do Banco de España que actuando na mais pura inseguridade xurídica, limita os prazos para o saneamento dos activos de anos a meses e incrementa substancialmente os ratios de solvencia ao respecto dos que se lles esixen á banca privada.

Galiza non pode ficar impasíbel perante a tentativa de quedar sen unha caixa de aforros que se encargue de nutrir o financiamento necesario para o tecido produtivo do país, onde as empresas e emprendedores galegos obteñan os recursos precisos para facer viábeis os proxectos que crean valor, riqueza e emprego en Galiza.

A privatización da nosa caixa galega significaría a desaparición dun sistema financeiro galego propio. Sen dúbida, constituiría unha apropiación indebida das caixas de aforros galegas aos seus lexítimos propietarios, as institucións e impositores, para permitir a absorción do aforro galego polos poderes financeiros alleos a este país. Alén diso, a privatización das caixas de aforro non vai resolver a crise económica actual, senón que pola contra vana agudizar ao reforzar máis o poder do capital financeiro privado en detrimento das maiorías sociais que se sumirán nunha fonda crise social.

No BNG estamos convencidos que é o momento de defender os intereses de Galiza, reclamando tamén ao Presidente da Xunta de Galiza que se poña á fronte da contestación do deseño dun novo mapa financeiro que non respecta nin a galegitude, nin a vocación social da nova caixa de aforros galega, e faga valer o consenso acadado na sociedade galega a prol dunha caixa de aforros que cumpra dun xeito efectivo o seu papel social de contribución ao impulso da economía produtiva do país.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación de Brión a adopción do seguinte acordo:

1. Rexeitar frontalmente as pretensións do Goberno do Estado de privatizar e bancarizar a nosa caixa galega (Novacaixagalicia).
2. Solicitar do Goberno do Estado a retirada do denominado "Plan de reforzamento do sector financeiro" no que atinxe ás caixas de aforro.
3. Reclamar do Goberno da Xunta de Galiza a que defenda as competencias estatutarias de Galiza, actuando decididamente para evitar que o proceso de reestruturación das caixas de aforro galegas leve aparelhada a entrada de capital privado nos seus órganos de decisión e a transformación nun banco privado.
4. Expresar o compromiso inequívoco en manter o vixente modelo de caixas de aforro, con vocación social e vinculación territorial, e demandar dos Gobernos central e galego que eviten calquera tentativa para que as caixas de aforro sexan alleadas en favor da banca privada e do capital financeiro.

Debate:

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que desde o Banco de España forzouse a fusión, con ratios de solvencia a alcanzar en dez anos, logo mudáronse os prazos a meses e a nova caixa vése abocada a súa defenestración; engade que desde o Concello se pode facer presión porque os concellos forman parte das caixas, que hai unha inseguridade xurídica provocada polo Goberno e que as caixas como entidades fixeron unha actividade non lucrativa, pensamos de deben ser apoiadas, apostamos por iso, e como o grupo de goberno tamén é progresista esperemos que o aproben.

O Sr. Alcalde sinala que digo o de antes, que se me escapa o tema para posicionarme, que o PSG mantén a mesma postura desde o principio, creo que non é un tema para discutir no Concello de Brión, e tamén teño que dicir que a función social das caixas non é o mesmo na Coruña que en Brión, gustaríanos saber a función social das caixas en Brión e remata sinalando que os cataláns ao día seguinte de saír isto dixeron que moi ben e ían facerse bancos e disto saben, e por todo elo ímonos abster.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que como o di vostede tantas veces tamén o digo eu, que isto non ten moito que ver co Concello. Coincidimos con vostedes pero faríamos tres emendas ao voso texto, que hai algunhas inexactitudes, así mentras non se aprobe o real decreto que vai aprobar o Goberno realmente non se sabe o que se lle pide á caixa galega; despois se di que a nova caixa conta cun alto grao de consenso, pero lémbrolle que no Parlamento o BNG non votou a favor da fusión; agora traen vostedes a moción como defensores da galegitude, temos tres emendas e se as aceptan votamos e senón ímonos abster.

A emenda transcrita di: Por parte do Grupo Popular estamos totalmente sensibilizados e atentos co asunto. Coincidimos en varios aspectos da moción, que consideramos deben

perseguir todas as forzas políticas e sociais de Galicia, pero gustaríanos engadir tres puntos a modo de emendas:

1-. Manifestar o compromiso inequívoco de que Galicia siga mantendo unha entidade financeira solvente, con vocación social e vinculación territorial.

2-. Rexeitir a improvisación e ausencia de seguridade xurídica que está amosando o Goberno de España en relación coas caixas de aforro, nomeadamente Novacaixagalicia.

3-. No suposto de que o Goberno persista na súa idea de aprobar un real decreto contrario ao Plan de negocio de Novacaixagalicia, ínstase ás forzas políticas e sociais de Galicia a que busquen a mellor saída que garanta a galeguidade da nosa entidade financeira de referencia.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que se son para sumar non hai ningún problema, pero se queren cambiar o noso texto non se aceptan, que eses tres puntos xa están incluídos no noso texto polo que non entendo o sentido das mesmas, polo que non se aceptan.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 2, pertencentes ao grupo municipal do BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (3).

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA ÁREA DE APARCAMENTO COMPLEMENTARIA AO TRANSPORTE METROPOLITANO.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña da conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG con rexistro de entrada núm. 248, do 02.02.2011, que transcrita di:

O plan de transporte metropolitano de Compostela da Consellería de Medio Ambiente ten encargado a redacción dun plan sectorial de aparcadoiros que eles chaman “disuasorios” e que irían ligados ao fomento do transporte público. Estes estacionamentos disuasorios deberían emprazarse próximos a vías de gran capacidade non saturadas para recortar tempos ao máximo posible.

No caso compostelán, o plan inclúe aos municipios de Oroso, Teo, Val do Dubra, Vedra, Ames, Boqueixón e Brión.

Algúns concellos veciños nosos e próximos a Compostela parece que xa teñen deseñado estas áreas de aparcamento. No caso do noso Concello non temos coñecemento de que se estea a facer algo semellante.

O noso grupo entende que a existencia de zonas de aparcamento, gratuito, iluminado e con certa vixiancia debe ser un complemento altamente positivo para o transporte urbano.

a) Potenciaría o uso do transporte público metropolitano.

b) Sería un elemento de seguridade para os usuarios que acoden aos puntos de embarque e deixan os seus coches, bicis e outros elementos de transporte privados en zonas seguras.

c) Podería ser un factor de potenciación do comercio e os servizos locais.

No caso do Concello de Brión entendemos que esa área de aparcadoiro complementario ao transporte metropolitano debería localizarse na zona de Os Ánxeles, xa que é onde conflúen todas as liñas de buses. A nosa proposta é que sexa un aparcadoiro para un mínimo de 50-80 coches, tamén con prazas para bicis e motos, iluminado, gratuito e cunha mínima vixianza por parte da policía local. Entendemos que a zona de servidume do viaducto da autovía podería ser o lugar idóneo xa que se atopa moi perto dos enlaces da rede do transporte metropolitano.

Por parte do exposto o grupo do BNG de Brión insta ao Concello en Pleno que tome en consideración a proposta de:

1.- Construír unha área de aparcamento complementaria ao transporte metropolitano de Compostela coas condicións antes comentadas e na zona proposta ou ben en calqueira outro lugar que de común acordo entendamos como máis idónea.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que é un tema que nos interesa porque o transporte metropolitano vaise poñer en marcha o mes que ven; estamos convencidos de que deben existir aparcadoiros cómodos, que hai que ver como vai evolucionando este transporte e que agora mesmo hai tres aparcadoiros en tres lugares onde hai paradas que case sempre están baleiros, que onde están as paradas está cuberto o aparcamento sen necesidade de facer ningún tipo de modificación, aínda que ogallá haxa que facer novos polo uso xeralizado do transporte metropolitano.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que non é importante para vostedes este aparcadoiro, que agora ao mellor non é necesario pero dentro duns anos veremos; engade que sería incluso un reclamo para o Concello, o coche quedaría aquí e vixiado e que o custe sería pequeno, pensamos que todo o que sexa fomentar o transporte urbano é bo e fomentar o comercio local é bo.

O Sr. Alcalde sinala que a nós tamén parécenos ben lóxicamente, pero agora mesmo hai prazas libres, temos que informar á xente que dispón destas prazas e pode disfrutar delas.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que nós non imos votar en contra de calquera iniciativa que vaia en beneficio dos veciños, pero cremos que non é o lugar idóneo aí abaixo porque os buses están por arriba; que é un gasto mínimo? sí, pero a día de hoxe habería que buscar outro lugar, a idea é boa pero non compartimos o lugar.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 2, pertencentes ao grupo municipal do BNG (2).

Votos en contra: 8, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (8).

Abstencións: 3, pertencentes ao grupo municipal do PP (3).

Queda rexeitada a moción.

3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O PROBLEMA DO LIXO E A LIMPEZA E CLAUSURA DUN VERTEDOIRO INCONTROLADO NO CRUCE DOS BARREIROS.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña da conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG con rexistro de entrada núm. 375, do 14.02.2011, que transcrita di:

Seguimos incidindo no problema que ten Brión co lixo que saltou aos medios de comunicación, cremos que o Concello non só se pode lamentar senón que ten que comezar a actuar e lanzar ou promover campañas de concienciación sobre este problema dirixidas á cidadanía. Segue sendo lamentábel o espectáculo do lixo na parte traseira da gardería municipal, o Concello non pode tirar balóns fóra e debe poñer fin a esto se queremos ter no futuro cidadáns responsables e concienciados sobre o deber de protexer o medio ambiente.

Outro caso sangrante é a zona de "Os Barreiros", no tramo da vella estrada que enlazaba a estrada de Bertamiráns a Negreira coa estrada de Os Barreiros á Picaraña e que na actualidade está en desuso debido ao novo trazado da estrada a Negreira, está, desde hai algún tempo, a converterse nunha zona de verquidos incontrolados. Tal e como se pode apreciar nas fotografías adxuntas, o vertedoiro recolle restos de materiais de obras, plásticos, cables, etc. Hai restos de voluminosos xa cubertos pola maleza, o que demostra que o vertido xa vén de vello, outros están recén depositados, o cal indica que segue en activo. Por certo, este vertedoiro xa hai anos que vén sendo denunciado polo noso grupo.

A parte do impacto visual, xa que os depósitos se ven claramente desde a estrada, o máis grave é o impacto ambiental e os posible danos ás persoas, xa que se localiza nunha zona onde aflora moita auga e mesmo se teñen instalado varios pozos de captación de augas para o consumo.

Co ánimo de que canto antes se clausure este punto negro, o Bloque Nacionalista Galego presenta ao Pleno a seguinte proposta de resolución:

1.- Que o Goberno Municipal tome as medidas oportunas para limpar e clausurar o vertedoiro incontrolado de Os Barreiros, a zona de Agro Novo (xunto á gardería) e a zona de Rañalonga.

2.- Que se habiliten as oportunas medidas para investigar e sancionar ás persoas que incivicamente realizan estes vertidos.

3.- Que se realice unha campaña de concienciación para a defensa do medio natural e indicando as maneiras en que nos servizos municipais recollen os voluminosos e outros residuos perigosos.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que temos un problema cos vertidos que está a investigar a policía local e que parece ser que os que recollen levan todo pero logo o que non queren o deixan onde lles peta e é moi difícil coller a esa xente; engade que se alguén traballa neste tema é o Concello de Brión, que o día 31 de decembro e o día que presentaron a moción se recolleu iso, pero non podemos recoller todo en todos os sitios, pero estamos nelo; a revista Altamira levará un apartado concienciando á xente, que cando os recollemos o levamos a planta deste tipo de residuos e remata sinalando que coincidimos todos na solución deste tema.

7º) ROGOS E PREGUNTAS.

Rogos e preguntas formuladas por escrito polo BNG:

1. Sobre o arranxo de farolas:

a. O noso grupo xa ten denunciado ante as dependencias municipais a rotura e en consecuencia o non funcionamento dunha farola sita en Agro Novo (esquina do chalet 123 na rúa que dá acceso aos garaxes) que é de total necesidade para a veciñanza ao estar situada nunha zona moi escura. A farola está rota desde o verán e vemos que o tempo pasa e segue igual.

Por todo iso rogamos ao Concello en Pleno que solucione, urxentemente, este problema e que se tomen as medidas legais oportunas para que os responsables do feito, de estaren identificados, se fagan cargo dos custos.

Así mesmo queremos insistir no noso compromiso a prol da redución de contaminación lumínica que afecta á zona dos Ánxeles e que se solucionaría apagando moitas das farolas que non supoñen ningún beneficio para a veciñanza, e que suporía, ademais, un importante aforro económico e ecolóxico.

Responde o Sr. Alcalde que non sabemos quen é o que rompe a farola, deuse orde de reparación e faráse neste mes, e que posiblemente en días entre en funcionamento o apagado

de zonas de urbanizacións tanto no Tremo como en Pedrouzos e Monte Balado está incluído nun plan de aforro enerxético.

A Sr^a. Concelleira Robledo Muiña sinala que os veciños sabemos e temos identificado quen a rompe, que se temos policía local debe investigar porque incluso xente o viu, para iso temos á policía local, que eu non o vin pero houbo xente que sí e que non foi ningún rapaz evidentemente.

Sinala o Sr. Alcalde que direillo á policía local.

2. Sobre o reparto das subvencións.

De novo este ano vemos como a Sociedade de Caza de Brión se nutre dunha importante subvención de 3000 euros, caso insólito na Galiza. O noso grupo roga que o señor alcalde nos explique cal é o beneficio que trae esta actividade para o resto da cidadanía (o ano anterior díxosenos que era para repoboar o monte de coellos). O noso grupo ten noticias de que houbo protestas por parte dos veciños sobre a proximidade dos cazadores ás casas e aos camiños, incluso disparando, incumprindo a normativa vixente, soa a broma). Cremos que o diñeiro público debe utilizarse para o beneficio de todos e todas e que cada un debe pagar as súas propias aficións, polo tanto criticamos e mostramos a nosa total disconformidade con esta subvención xa que, repetimos, non ten ningún interese social, cultural, medioambiental, económico, etc. para o Concello de Brión.

Responde o Sr. Alcalde que está no orzamento a subvención de 3.000 euros e que son 230 socios neste momento e que teñen que xustificala todos os anos e só pode ser para cría de conexas e limpeza de montes, pero tampouco me quero esconder a ao mellor hai que replantexarse algunha subvención neste tempo de crise, pero está no orzamento, e con respecto ás distancias será a garda civil a que deba tomar as medidas.

A Sr^a. Concelleira Robledo Muiña sinala que non me parece decente dar isto, como nos vai importar aos veciños que repoblen o monte con coellos, que se alguén come eses coellos son eles, non lle vexo ningunha ventaxe, e con respecto á repoboación do monte os camiños non están ben e nunca xamais vin a un cazador limpando ningún camiño, é máis, onde se xuntan despois deixan todo cheo de lixo.

O Sr. Alcalde sinala que parécenos que fan unha boa labor, fan non só iso de repoboación de coellos e limpeza do monte, porque tamén fan batidas de xabarín e raposo que fan moito dano aos veciños, fan unha función como outra, que nós entendemos boa, aínda que outros non.

3. Sobre a paralización do vial a Pérros.

Queremos saber sobre a paralización do vial que vai a Pérros e cales foron os antecedentes que o provocaron.

Responde o Sr. Alcalde que o vial é consecuencia dun convenio Xunta-Concello polo que o Concello cedeu os terreos para a autovía e a Consellería debe facer dous viais, achegando o Concello 200.000 euros que xa fixo no seu momento. A Consellería executa esa obra, que pasa a ser propiedade da Consellería, que o Concello non ten nada que ver con ese vial, sabe cero, sabemos que o fixo a Consellería e estamos de acordo en que o faga; que en setembro chamou unha persoa porque había un problema moi grave e que debía ir tamén a Presidenta de Augas de Galicia, que non a localizaban, que se estaba encofrando a ponte e había un garda con dúas troitas mortas que parece que as atopou augas abaixo e que había unha funcionaria de Augas de Galicia que dixo que iso era gravísimo e que só podían parar as obras o Alcalde ou a Presidenta de Augas de Galicia, que a dirección das obras me di que non ten sentido que iso se pare e el faise cargo do tema, as obras continuaron ata as festas do Nadal en que paralizouse a obra, que non se retomou, e a empresa contesta por fax que ten a obra formalmente suspendida; enviamos varios escritos a varias direccións xerais da Xunta de Galicia e o 11 de febreiro recibimos un escrito asinado polo Conselleiro de Medio Ambiente no que se di que Augas de Galicia non incoou ningún expediente disciplinario, estáse cun modificado, ten permiso de Augas de Galicia para parte das obras e pronto retomaranse e hoxe recibíuse un escrito asinado pola Directora Xeral de Infraestruturas no que se di que as obras se suspenderon para facer o proxecto modificado e con data 14 de febreiro reanúdanse, e remata o Sr. Alcalde sinalando que isto é o que lles podo informar, incluso solicitamos a constitución e funcionamento da Comisión de Seguimento prevista no convenio para tratar de resolver os problemas que poidan existir.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que o día 20 de decembro saíu unha noticia no xornal do problema da ponte e se falaba da paralización das obras nesa nota de prensa e que con ese problema púxenme en contacto coa Xunta e Augas de Galicia presentouse alí polo tema das augas e tamén o Seprona e tramitouse un expediente sobre investigación de verquidos e un expediente xudicial e por iso Augas de Galicia lle dixo ao contratista que mentras estivesen tramitándose eses asuntos non podía continuar as obras.

O Sr. Alcalde sinala que como anécdota quero dicir que o xornal El País chamoume para saber se a Xunta se paralizara unha obra a sí mesma; paréceme vergonzosa a súa actitude Sr. Tomé repartindo papeis por aí facéndome a mín responsable cando a obra correspóndelle á Xunta de Galicia única e exclusivamente, e remata sinalando que eu explicarei aos veciños de Brión como os tratan de enganar vostedes.

4. Remitimos pregunta que nos fixo chegar un veciño de Vilariño dos Cunqueiros co rogo que a fagamos chegar ao Pleno. Di textualmente o que sigue:

“Bos días:

Diríxome a vostedes para transmitirilles a miña preocupación acerca dunha nova que se publicou no voceiro do grupo socialista do concello este pasado mes de xaneiro. O titular é o seguinte: “Brión único municipio con saneamento en todos os fogares”. Dentro do contido cítase “Rematar o saneamento integral de Brión é un dos compromisos que a candidatura

encabezada por Xosé Luis García adquiriu cos veciños en 2007. Brión é un dos poucos concellos galegos cun saneamento de auga que chega ao 100% das localidades. Os 428.000 euros do plan Zapatero de 2010...”

Compre dicir, falando de porcentaxes, que non é verdade ao 100%. Remontámonos uns meses atrás, na revista Altamira do propio concello, nas novas referentes ao saneamento (páxina 3) no corpo da nova cita: “As únicas excepcións serán Vilariño dos Cunqueiros e Rubial, aldeas onde están habitadas dúas casas que terán unha solución particular para cada unha”. E eu lles pregunto: ¿Por qué? e ¿Cando?. ¿Por qué?, refírome a este trato discriminatorio cara estas dúas aldeas. Concretamente no caso de Vilariño dos Cunqueiros, só están habitadas dúas casas, certo, pero tamén é certo que as outras, concretamente catro están en perfecto estado e habitadas practicamente todos os fins de semana, e só unha en estado ruinoso, e que cumpren obrigatoriamente cos seus deberes e obrigacións relixiosamente. Por tanto se o problema é demográfico, non entendo o porqué unhas si (casos de A Igrexa ou Amañecida) e outras non (os citados anteriormente). E se prefiren non facelo, como é o caso, ¿Cal é a solución “personalizada” para cada unha das casas? e ¿Cándo se vai a facer efectiva?, porque dos 428.000 euros da partida orzamentaria destinados ao saneamento, Vilariño dos Cunqueiros non veu nin un céntimo. Aproveito a ocasión para comentarlles que o estado das pistas é lamentable, co perigo que ocasiona isto para peóns e condutores. Sen máis, e agradecéndolle de antemán a atención amosada, envíolles un cordial saúdo.

Sinala o Sr. Alcalde que evidentemente non é veciño de Vilariño, creo que non se xustifica facer alcantarillado e fosa séptica para dúas persoas, non parece xustificable en principio. Con respecto á situación da estrada hai que dicir que está contratado arranxar esa estrada con asfalto novo desde Busto de Frades ata Vilariño, por iso considero que as necesidades dos veciños están cubertas e a empresa comprometeuse a comezar as obras este mes.

5. Sobre verquidos no río Pego.

O noso grupo ten constatado a presenza, polo mes de decembro, de verquidos no río Pego de aceites ou substancias similares. Queremos saber se o concello ten constancia destes feitos e en calquera caso rogamos que manteña unha actitude vixilante e de control sobre estes feitos dadas as características das empresas da zona.

O Sr. Alcalde sinala que o único recordo que teño é que houbo un verquido que foi detectado por Espina e Delfin e que detectou quen o fixo ese día ou ao día seguinte e que intentaremos estar vixiantes pola importancia do tema dos verquidos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e cincuenta minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O Alcalde.
Vº e Prace.

O Secretario.

Asd. José Luis García García.

Asd. Javier Nieves González.

